

**Axuda/Subvención:** : Axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo

**Organismo:** Secretaría Xeral da Igualdade

**Beneficiarios:**

- a) Homes traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario e os socios das sociedades cooperativas sempre que estes últimos pertencen ao réxime xeral da Seguridade Social, que se acollan á redución de xornada.
- b) Familias monoparentais en que a persoa solicitante, home ou muller, sexa traballadora por conta allea e se acolla á redución de xornada.

**Actuacións subvencionables:** As axudas, na modalidade de pagamento único, serán concedidas aos traballadores que, entre o 1 de setembro de 2009 e ata o 31 de agosto de 2010, se atopen ou atopasen no momento da solicitude nunha situación de redución da xornada de traballo de ata un máximo da metade da duración daquela para o coidado dun/dunha fillo/a menor de 3 anos, ou ben, mesmo superando esa idade, que o/a menor padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33% e sexa menor de 12 anos.

- No suposto de fillos/as adoptados/as, non se terá en conta a data de nacemento, pero para ter dereito á axuda non deberán transcorrer máis de tres anos desde a data da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción para os efectos do estipulado no punto 1 deste artigo. En calquera caso, o/a fillo/a polo/a que se solicita a axuda terá que ser menor de 12 anos.

- O tempo máximo polo que se poderá conceder a axuda á redución de xornada para fomento da corresponsabilidade será de oito meses ininterrompidos e o tempo mínimo de duración da redución de xornada deberá ser de 60 días naturais ininterrompidos.

**Presentación de solicitudes:** As solicitudes, xunto coa documentación requirida, deberán dirixirse á Secretaría Xeral da Igualdade, e poderán presentarse no Rexistro Único do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia de San Caetano, en Santiago de Compostela (A Coruña). Tamén poderán presentarse ante os departamentos territoriais da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio. No caso de envío por correo, na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar farase constar, con claridade, o nome da oficina de correos e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

**Prazo de presentación:** do 1 de maio ata o 31 de agosto de 2010, ambos incluídos.

**Publicación:** [DOG Nº 81](#), Venres, 30 de abril de 2010

**Máis Información:**

**Secretaría Xeral da Igualdade:** Edif. Admtvo. San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela (A Coruña). Tlf: 981 545 660